

Veciños de Cora
Abrirnos a porta
Que ven o antroido
Por toda a parroquia
Este ano queremos
falarvos de todo
aínda que con eso
arranxemos pouco
tampouco arreglamos
que non vos e nada
por eso aquí estamos
con esta parranda

ESTRIBILLO

Queren matarnos a fame
Suben as contribucións
pero subirnos a paga
non o fan eses cabrons
Eles falan moi bonito
Queren darnos ilusions
Non din mais que tonterías
Para inflarnos os balóns
(.....) *callons*

Non temos diñeiro
Non temos traballo

Roscando o Carallo
Pasamos o día
~~Tocados de nabo~~

Porcos e ovellas
Cabras e becerros
Ándanos roubando
uns cantos gamberros
rouban nos de todo
quedamos fodidos
mais aquí en Cora
seguimos amigos

ESTRIBILLO

Un señor de barbas
que esta na Moncloa
E o que nos manda
esta merda toda
caga pola Xunta
e polo concello
e caga por nos
e non nos ten medo
esto e dictadura
non e democracia
mal raio vos parta
se esto nos fai gracia

ESTRIBILLO

E pra despedirnos
ca nosa
~~con esta~~ canción
temos que acordarnos
desta corrupción
se quen nos goberna
rouba como un tolo
que imos a facer
o resto do pobo
pero vos xa vedes
que tanto lles ten
cando morra a vaca
non mama ningún

POR QUE SERA

ESTRIBILLO

ISTO E SAN MIGUEL DE CORA
PARROQUIA TRABALLADORA
CO SEU ENTROIDO AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA
COS SEUS XANTARES LA LA, AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA
CAS SUAS FESTAS AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA
COS SEUS CANTARES LA LA, AI LA LA, AI LA LA, AI LA LA

ESCOITADE VECIÑOS
O QUE VOS IMOS CONTARE
DOS POLITICOS E BANQUEIROS
NO NOS PODEMOS FIARE
POR QUE SERA
COIDADIÑO QUE VOLA VAN A CLAVARE
POR QUE SERA
FALAN CONTIJO E XA TE TAN A ROUBARE

PA SER UN BO INXENIEIRO
FAI FALTA UNHA CARREIRA
EN CAMBIO PA SER ALCALDE
CHEJACHE CO PRESCOLARE
POR QUE SERA
ECHE MOI FACILIÑO DE EXPLICARE
POR QUE SERÁ
SOLO TEÑEN QUE APRENDER A RECORTARE

ESTRIBILLO

ESTE FERMOSE PAISE
NON HAI POR DONDE COLLELO
TEMOS QUE TRABALLAR MAIS
E TAMEN COBRARE MENOS
POR QUE SERA
E QUE TEMOS UN MONARCA ELEGANTE
POR QUE SERA
GUSTALLE MOITO A CAZA DO ELEFANTE

GUSTARIANOS SABERE
POR QUE TEN QUE PASAR ISTO
TRABALLAR SEMPRE O BURRO
E APROVEITARSE O MAIS LISTO
POR QUE SERA
CASE SEMPRE NOS CONVENCEN PRA IR VOTAR
POR QUE SERA
PIDESLLE ALJO DINCHE SEMPRE QUE NON HAI

ESTRIBILLO